

**memoria  
de  
xestión**

**2011**

---

**Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**



## ÍNDICE

- XUNTA DE GOBERNO .....	2
- COMISIÓN EXECUTIVA .....	2
- XUNTAS DIRECTIVAS .....	3
- XUNTAS XERAIS .....	4
- CONVENIOS .....	5
- ORGANIZACIÓN COLEXIAL .....	7
DELEGACIÓNS	
- DELEGACIÓN DA CORUÑA .....	10
- DELEGACIÓN DE LUGO .....	13
- DELEGACIÓN DE OURENSE .....	17
- DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA .....	20
- DELEGACIÓN DE VIGO .....	23
- DELEGACIÓN DE SANTIAGO .....	25
- DELEGACIÓN DE FERROL .....	27



## **XUNTA DE GOBERNO**

### COMPOSICIÓN E SESIÓNS

Durante o exercicio de 2011, ata o día 24 de maio, a composición da Xunta de Goberno foi como segue:

DECANO-PRESIDENTE / **CELESTINO GARCÍA BRAÑA**  
SECRETARIO / **ALFREDO GONZÁLEZ CASCALLANA**  
TESOUREIRO-CONTADOR / **JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN A CORUÑA / **MANUEL DE LA IGLESIA PÉREZ**  
PRESIDENTA DELEGACIÓN FERROL / **MARÍA DE LA LUZ FERNÁNDEZ LEMOS**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN LUGO / **ALBERTE GONZÁLEZ RODRÍGUEZ**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN OURENSE / **XAN XOSÉ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**  
PRESIDENTA DELEGACIÓN PONTEVEDRA / **MARÍA JOSÉ FARIÑA BUSTO**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN SANTIAGO-PRESIDENTE DA COMISIÓN DE VISADO\*/ **JORGE DUARTE VÁZQUEZ**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN VIGO / **SALVADOR FRAGA RIVAS**  
VOCAL-PRESIDENTE COMISIÓN PLANEAMENTO E MEDIO AMBIENTE / **CÉSAR COLL NUEZ**  
VOCAL – PRESIDENTE DA COMISIÓN DE CULTURA / **ALFREDO DÍAZ GRANDE**  
VOCAL A CORUÑA / **VICENTE PELÁEZ SANZ**

Tras as eleccións celebradas o 11 de maio, na Xunta Xeral ordinaria do día 24 de maio, tomaron posesión os novos membros da Xunta de Goberno, que quedou conformada do seguinte xeito:

DECANO-PRESIDENTE / **JORGE DUARTE VÁZQUEZ**  
TESOUREIRO-CONTADOR / **JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ MARTÍN**  
SECRETARIA / **MARÍA JOSÉ FARIÑA BUSTO**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN A CORUÑA / **XOSÉ MANUEL LÓPEZ MIHURA**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN FERROL / **XOSÉ MANUEL LÓPEZ LEIRA**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN LUGO / **RAÚL J. VEIGA LAMELAS**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN OURENSE / **JOSÉ JAIME VÁZQUEZ IGLESIAS**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN PONTEVEDRA / **MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY**  
PRESIDENTA DELEGACIÓN SANTIAGO / **ANA DOMÍNGUEZ LAÍÑO**  
PRESIDENTE DELEGACIÓN VIGO / **MARTÍN DE COMINGES CARVALLO**  
VOCAL / **PABLO NOYA SUÁREZ**  
VOCAL / **JORGE ÁLVAREZ RÚA**  
VOCAL / **MIGUEL CARBALLIDO PENSADO**  
VOCAL A CORUÑA / **FERNANDO MARTÍNEZ LÓPEZ**  
VOCAL VIGO / **CARLOS PAJARES CAMPOS**

O día 23 de novembro a Sra. Fariña Busto presentou a súa dimisión como Secretaria de Xunta de Goberno.

Na sesión 14/2011 de 30 de novembro, a Xunta de Goberno acordou nomear a D. Jorge Álvarez Rúa como Secretario en funcións ata a convocatoria de novas eleccións.

A Xunta de Goberno celebrou 15 reunións no transcurso do ano 2011.

## **COMISIÓN EXECUTIVA**

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno está formada polo Decano, o Tesoureiro e o Secretario, ademais de:

Ate o 28 de febreiro os Presidentes de Pontevedra e Santiago.

Ate o 20 de xuño os Presidentes das Delegacións de Santiago e Pontevedra

Ate o 24 de outubro o Presidente de Vigo e o Vocal D. Jorge Álvarez Rúa. Despois D. Fernando Marínez López substituíu ao Vocal D. Jorge Álvarez Rúa.

Durante o ano 2011 celebrou 5 reunións.



## XUNTAS DIRECTIVAS

Tamén tomaron posesión o día 24 de maio os novos membros das Xuntas Directivas, que quedaron conformadas do seguinte xeito:

### DELEGACIÓN DE A CORUÑA

**Presidente:** D. Xosé Manuel López Mihura.  
**Tesoureira:** Dona Marta Trasancos Yañez.  
**Secretario:** D. Victor Ramos Rodríguez.

### DELEGACIÓN DE LUGO

**Presidente:** D. Raúl J. Veiga Lamelas.  
**Tesoureira:** Dona Celia Fajar Lomba.  
**Secretario:** D. José Luis Sanmiguel Guerreiro.

### DELEGACIÓN DE OURENSE

**Presidente:** D. José Jaime Vázquez Iglesias.  
**Tesoureiro:** D. Ramón J. Valencia Hentschel.  
**Secretario:** D. Juan Carlos Tourís Lores.

### DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

**Presidente:** D. Manuel Abelleira Argibay.  
**Tesoureira:** Dona María Luísa Pierres López.  
**Secretario:** D. Wenceslao López Velasco.

### DELEGACIÓN DE VIGO

**Presidente:** D. Martín de Cominges Carvallo.  
**Tesoureira:** Dona Fátima Iglesias González.  
**Secretario:** D. Jordi Castro Andrade.

### DELEGACIÓN DE SANTIAGO

**Presidenta:** Dona Ana Domínguez Laiño.  
**Tesoureiro:** D. Santiago Rodríguez Alcalá.  
**Secretaria:** Dona Mónica Carracedo Rodríguez.

### DELEGACIÓN DE FERROL

**Presidente:** D. Xosé Manuel López Leira.  
**Tesoureiro:** D. José Romero Alonso.  
**Secretario:** D. Miguel Anxo Reimúndez González.





## **XUNTAS XERAIS 2011**

### **ORDINARIAS**

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada o día 24 de maio de 2011 na Sede colexial de Santiago de Compostela, tratouse a seguinte Orde do Día:

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA XERAL ORDINARIA DE 16 DE DECEMBRO DE 2010.
2. INFORME DO ILMO. SR. DECANO.
3. MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2010.
4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2010.
5. INFORME DO SR. SECRETARIO.
6. TOMA DE POSESIÓN DOS NOVOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E XUNTAS DIRECTIVAS DO COAG.
7. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Na Xunta Xeral ordinaria que se celebrou o día 11 de decembro de 2011, tratáronse os seguintes puntos:

1. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDER, DAS ACTAS DA XUNTA XERAL ORDINARIA DE 24 DE MAIO DE 2011 E DA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA DE 24 DE MAIO DE 2011.
2. ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA DURANTE O ANO 2011.
3. INFORME DO ILMO. SR. DECANO-PRESIDENTE.
4. INFORME DA SRA. SECRETARIA.
5. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COAG PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O ANO 2012 E DAS COTAS COLEXIAIS PARA O MESMO EXERCICIO.
6. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

### **EXTRAORDINARIAS**

O día 24 de xullo de 2011 tivo lugar una Xunta Xeral extraordinaria, na que se tratou o seguinte punto:

- PUNTO ÚNICO.- AUTORIZAR Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE REALICE OS TRÁMITES OPORTUNOS PARA A FORMALIZACIÓN DUN EMPRÉSTITO OU PÓLIZA DE CRÉDITO A LONGO PRAZO POR UN IMPORTE DE 550.000,00 EUROS.



## CONVENIOS COLEXIO DE ARQUITECTOS 2011

**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA).** Asinado: 11/01/2011 – Vixencia: 15/10/2011.

Bases de colaboración para a realización de actividades de formación, coñecemento e aplicación do procedemento de certificación enerxética de edificios. Compensación económica ao Colexio: 25.000 euros.

Compromiso: Elaboración do material, posta a disposición das instalacións e entrega de informes obxecto do convenio.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.** Asinado: 28/01/2011 – Vixencia: 31/12/2011.

Obxecto: Mantemento, actualización e dotación de novos contidos ao portal web de Información Urbanística de Galicia e transformación nun Sistema de Información Xeográfica. Compensación económica ao Colexio: 0 euros.

Compromiso: Aporta os medios humanos e asume o 50% do custo estimado (32.500 euros)

**COLEXIOS DE APARELLADORES DE GALICIA.** Asinado: 09/02/2011 – Vixencia: Mínima de 6 meses, renovándose por períodos iguais tacitamente.

Obxecto: Mecanismo de comprobación entre colexios para o visado dos Certificados Finais de Obra. Compensación económica ao Colexio: 0 euros.

**CYPE INGENIEROS, S.A.** Asinado: 14/02/2011 – Vixencia: 31/12/2011.

Obxecto: Intermediación do Colexio entre os seus colexiados e CYPE para a compra das licenzas dos seus programas e a formación no manexo dos mesmos. Compensación económica ao Colexio: 0 euros.

Compromiso: Organizar, xestionar e promocionar cursos relacionados cos produtos de CYPE

**FUNDACIÓN JUANA DE VEGA.** Asinado: 14/02/2011.

Obxecto: Edición e tradución ao galego, por parte da Escola Galega da Paisaxe, do libro "We are the Landscape" para ser empregado como recurso educativo no Proxectoterra. Compensación ao Colexio: 19.000 exemplares para Proxectoterra.

Compromiso: Presentar este material acompañando aos recursos educativos do Proxectoterra.

**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL.** Asinado: 01/03/2011 – Vixencia: ate 2 meses despois do fallo do concurso.

Obxecto: Convocatoria do Concurso de ideas para a construción da súa nova sede en Ourense. Compensación económica ao Colexio: 3.000 euros.

Compromiso: Revisión da documentación, publicidade do concurso e formar parte do xurado.

**INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA.** Asinado: 04/04/2011 – Vixencia: indefinido.

Obxecto: Autorización ao Colexio para o desenvolvemento de actividades formativas e de capacitación técnica en distintas metodoloxías e ferramentas BREEAM, e recoñecemento como entidade colaboradora. Compensación: condicións particulares.

Compromiso: Organizar, xestionar e promocionar cursos de formación.



**CONCELLO DE MUROS.** Asinado: 04/04/2011 – Vixencia: ata 3 meses despois do fallo.

Obxecto: Convocatoria do Concurso de anteprojectos para a rehabilitación do antigo Cine Paris do concello de Muros. Compensación económica ao Colexio: 3.000 euros.

Compromiso: Revisión da documentación, publicidade do concurso e formar parte do xurado.

**CONCELLO DE OURENSE.** Asinado: 06/05/2011 – Vixencia: Non estipulada.

Obxecto: Implantación do visado de idoneidade técnica e urbanística, dos proxectos que teñan que someterse a concesión de licenza urbanística municipal. Compensación económica ao Colexio: 0 euros.

Compromiso: Emisión dun Visado de Idoneidade Técnica e Urbanística dos traballos profesionais de edificación, que teñan que someterse a licenza urbanística municipal e se presenten ao trámite preceptivo do visado colexial obrigatorio.

**XUNTA DE GALICIA.** Asinado: 24/05/2011 – Vixencia: Non estipulada.

Obxecto: A realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia tendentes a posibilitar a solicitude, tramitación e posterior outorgamento telemático das licenzas e autorizacións de obra e urbanismo, así como normalizar e simplificar os procesos de validación e supervisión técnica necesarios para estas. Compensación económica ao Colexio: 149.500 euros.

Compromiso: Asignación de medios humanos e materiais necesarios e o control do proxecto.

**CÁMARA MUNICIPAL DE GUIMARÃES (PORTUGAL).** Asinado: 27/10/2011 – Vixencia: non estipulada.

Obxecto: Elaboración e oferta dun conxunto de actividades didácticas destinadas ás etapas de educación obrigatoria para o alumnado galego e portugués dentro do Proxectoterra. Compensación económica ao Colexio: 0 euros.

Compromiso: Elaboración e edición de materiais específicos para este convenio.

**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA).** Asinado: 28/11/2011 – Vixencia: 15/09/2012.

Obxecto: Realización de 2 edicións do "Curso de Certificación Enerxética: Calener VYP" e 2 edicións do "Curso de Certificación Enerxética: Calener GT". Compensación económica ao Colexio: 20.000 euros.

Compromiso: Asignación de medios humanos e materiais necesarios para a realización dos cursos.



## ORGANIZACIÓN COLEXIAL

Durante o ano 2011 o Colexio de Arquitectos continuou realizando os importantes cambios derivados do posicionamento estratéxico da Organización Colexial. A devandita estratexia foi definida en resposta a un escenario de crise económica xeral -especialmente intensa no mercado da edificación- e de profundos cambios normativos relacionados cos Colexios Profesionais, buscando como obxectivo fundamental a prestación de servizos de valor engadido para o conxunto dos arquitectos, ao tempo que apostaba pola consolidación, neste novo ámbito, dos valores corporativos, así como a defensa dos intereses da profesión de arquitecto e da arquitectura en xeral.

Neste sentido, a nova Xunta de Goberno resultante das eleccións que tiveron lugar no mes de maio de 2011 estableceu as directrices do intenso proceso de transformación no que se atopa a organización colexial, non só no que se refire á prestación de servizos de maior valor engadido e de maior calidade para o colexiado, senón na ordenación, optimización e mellora da xestión dos recursos colexiais, dentro dunha profunda redefinición da propia organización.

Así, durante 2011 iniciouse o proceso de "refundación estatutaria" do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, xurdido en paralelo ao proceso de refundación aberto dende o Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España (CSCAE), o fin principal da cal é optimizar e definir o papel que os Colexios Profesionais xogan no presente e o que xogarán en futuro escenario social, en defensa da profesión.

Ademais dos cambios derivados do propio proceso de reestruturación, mellora continua e mantemento dos servizos colexiais, en 2011 foi necesario acometer unha serie de importantes transformacións como consecuencia da aparición dun novo marco normativo relativo ao visado colexial (principalmente o RD 1.000/2010). En particular, deseñouse e implantou un novo método de cálculo da complexidade de supervisión técnica de documentos sometidos a visado colexial obrigatorio, independendizando os traballos técnicos que se realizan doutros parámetros que non afectan a estas tarefas de supervisión, logrando así que o prezo do servizo se establecese dun xeito obxectivo a partir da complexidade da documentación a supervisar e non como viña sendo habitual, en función dos teóricos honorarios de referencia do profesional.

Así mesmo, como evolución do proceso de mellora continua do servizo de visado iniciado coa posta en marcha do Sistema de Xestión da Calidade en 2010, durante 2011 realizáronse importantes avances nos mecanismos de normalización dos contidos dos traballos profesionais do ámbito da arquitectura, así como dos diferentes aspectos de supervisión aos que estes se someten en Colexio. Os devanditos traballos de normalización foron desenvolvidos no marco do proceso de converxencia nacional do visado colexial promovido polo Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España (CSCAE), no cal o Colexio de Galicia tivo un especial protagonismo.

Por outra banda, en virtude do convenio asinado en maio entre o Colexio e a Xunta de Galicia, ao longo de 2011 abordáronse as tarefas necesarias para posibilitar a tramitación telemática de licenzas de obra nas Entidades Locais a partir dos traballos profesionais dixitais supervisados no Colexio de Arquitectos. Aínda que a maior parte dos desenvolvementos se realizaron no ámbito dos sistemas e aplicacións informáticas, tamén foi preciso introducir cambios na forma de presentar a documentación, principalmente encamiñados a garantir a "trazabilidade" da información na cadea de tramitación e a establecer mecanismos de sinatura electrónica recoñecidos por todas as administracións.

Cabe destacar que, ademais das indubidables vantaxes que a tramitación telemática de licenzas de obra implica para administración e administrado, este mecanismo supón un importante servizo adicional para os estudos de arquitectura e un crucial posicionamento para o Colexio de Arquitectos.

Por último, dentro dos principais cambios acometidos no servizo de visado do Colexio durante 2011, é conveniente referir o establecemento da presentación telemática como procedemento ordinario para a tramitación da documentación de traballos profesionais, concluíndose así o progresivo proceso de "dixitalización" do servizo de visado iniciado polo Colexio en 2004. Con iso, a tramitación en papel pasou a ser practicamente residual, o cal contribuíu á mellora na prestación do servizo de visado, sen prexuízo do camiño que nos queda por diante para facelo obxectivo, áxil, eficaz e máis económico.



A modo de resume as actividades desenvolvidas nos diferentes ámbitos refírense a:

A nivel interno:

- Continuación co proceso de restructuración do equipo: persoal propio e colaboradores externos, co obxecto de lograr unha optimización dos recursos e mellora na calidade dos servizos. Definición e descrición da Estrutura Organizativa.
- Creación da área de comunicación corporativa colexial.
- Ordenación dos servizos de asesoría xurídica colexial: unificación de criterios e servizos.
- Elaboración dun Plan de mellora de servizos: desenvólvese e concreta fundamentalmente sobre o servizo de supervisión técnica.
- Elaboración dun Plan de Formación continua que permita a mobilidade funcional na organización: creación dunha Aula Virtual para a formación continua.
- Auditoría de seguimento do Sistema de Aseguramento da Calidade: renovación do certificado.
- Modificación e ordenación dos servizos de telefonía e atención ao colexiado.
- Modificación de procedementos e formularios de tramitación para a súa adecuación aos cambios legislativos en materia de supervisión técnica colexial.
- Establecemento e desenvolvemento dun manual de documentación administrativa colexial e adaptación da documentación aos "formatos" definidos neste.
- Establecemento de criterios de sinatura comúns para todo o persoal e órganos da organización colexial.

Para os colexiados:

- Posta en marcha da Oficina de Concursos. Subscrición dun servizo global para o conxunto dos arquitectos de Galicia.
- Modificación da Web Colexial como paso intermedio para o cambio cara a un Portal Corporativo colexial único que inclúa todos os servizos.
- Elaboración e desenvolvemento da sección de Emprego no portal corporativo.
- Desenvolvemento dun Panel de Servizos do Colexiado que permite entre outros:
  - Xestión de datos persoais e autorizacións de acceso.
  - Obtención de certificacións on-line: colexiación, obra executada, etc.
  - Xestión de tramitacións, consultas e reclamacións.
  - Acceso a todos os servizos desde un punto único.
  - Introducción do Código de Verificación Electrónica e da sinatura electrónica nos documentos que emite o Colexio de Arquitectos de Galicia.
  - Etc.
- Desenvolvemento da ferramenta de configuración de colexiación.
- Establecemento da Tramitación Telemática como procedemento ordinario de tramitación.
- Adaptación dos servizos de supervisión técnica ás directrices de converxencia establecidas polo Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España (CSCAE) para todos os colexios.
- Adaptación dos sistemas de xestión colexiais ao modelo conveniado coa Xunta de Galicia para a Tramitación Telemática de Licenzas. (En funcionamento co concello de Vigo).
- Modificación dos selos colexiais.
- Desenvolvemento dun modelo de sorteo público para a designación de arquitectos para diferentes traballos. Convocatoria de diferentes Bolsas.
- Desenvolvemento das Instrucións para o Procedemento de rexistro/custodia de ITEs en Galicia
- Modificación do procedemento para a tramitación do Certificado Final de Obra.
- Elaboración de alegacións ao anteproxecto de reforma da "Lei de Vivenda de Galicia "
- Preparación do Congreso Internacional de Patoloxía e Rehabilitación PATORREB 2012.
- Posta en marcha da comisión que establecerá o modelo de refundación colexial.
- Desenvolvemento do Manual de Calidade do Proxecto Arquitectónico de Edificación. Establecemento do alcance do visado colexial.
- Traslado das delegacións de Vigo e Ourense.
- Elaboración de enquisas de satisfacción.
- Proxecto co CSCAE para DOCOMOMO IBÉRICO. Elaboración de recomendacións de intervención en edificios Docomomo para a mellora de prestacións baixo o Código Técnico da Edificación.



- Cursos. Plan de formación- todos [forma]<sup>2</sup>
- Colaboración co IGVS no borrador do Decreto ITE
- Charlas técnicas
- Preparación do 4º Congreso de Patoloxía y Rehabilitación de Edificios. Patorreb2012.
- Escuela en red. CSCAE 2011
- Curso de postgrado de Inspección, Reparación y Mantenimiento de Edificios. UDC
- Curso de Formación de Arquitectos al servicio de la Administración Local. EGAP 2010-2011
- Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) - Cursos Eficiencia Energética. Enero 2011
- ITG Breeam: agente de formación



Por outra banda, as actividades desenvolvidas polo Colexio de Arquitectos durante o exercicio obxecto desta memoria, pódense resumir da seguinte maneira:

- o Realización de 15 sesións de Xunta de Goberno.
- o Realización de 5 reunións da Comisión Executiva da Xunta de Goberno.
- o Realización de 2 reunións de Xunta Xeral de Carácter ordinario e 1 de carácter extraordinario.

Nas sesións anteriores tomáronse e executáronse 610 acordos.

Respecto das altas de Sociedades Profesionais de Arquitectos no 2011 ascenden a 6 e as baixas a 8, sendo o total de sociedades de alta e activas de 289.

Respecto de altas e baixas de colexiados, houbo 312 expedientes colexiais, que se desglosan como segue:

- o 131 altas de colexiados residentes
- o 110 baixas de colexiados residentes
- o 13 cambios de residencia
- o 120 colexiados de outros colexios que fixeron traballos en Galicia.

A efectos rexistrais, movéronse un total de 3.532 documentos (2.204 entradas e 1.319 saídas).

No referente a circulares, remitíronse 54 dende a Xunta de Goberno e 168 dende as Xuntas Directivas de delegación.

#### COLEXIADOS: ALTAS E BAIXAS DURANTE O ANO 2011

##### TOTAL COLEXIADOS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	1106
Lugo	248
Ourense	251
Pontevedra	318
Vigo	531
Santiago	300
Ferrol	122
<b>TOTAL:</b>	<b>2876</b>

##### ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	47
Lugo	18
Ourense	9
Pontevedra	12
Vigo	27
Santiago	14
Ferrol	4
<b>TOTAL:</b>	<b>131</b>

##### BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	66
Lugo	8
Ourense	9
Pontevedra	10
Vigo	10
Santiago	5
Ferrol	2
<b>TOTAL:</b>	<b>110</b>

#### SOCIEDADES: ALTAS E BAIXAS DURANTE O ANO 2011

##### TOTAL SOCIEDADES

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	110
Lugo	29
Ourense	21
Pontevedra	36
Vigo	46
Santiago	39
Ferrol	8
<b>TOTAL:</b>	<b>289</b>

##### ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	3
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	1
Vigo	1
Santiago	1
Ferrol	0
<b>TOTAL:</b>	<b>6</b>

##### BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	3
Lugo	1
Ourense	0
Pontevedra	3
Vigo	0
Santiago	1
Ferrol	0
<b>TOTAL:</b>	<b>8</b>

Altas de colexiados habilitados: ..... **120**

Colexiados habilitados activos: ..... **520**

Arquitectos colexiados falecidos en 2011: ..... **8**



## **DELEGACIÓN DE A CORUÑA**

### **MEMORIA DE GESTIÓN AÑO 2011 (JUNTA DIRECTIVA ELECTA EN MAYO DE 2011)**

---

**15/07/ 2011**

Habilitación de espacio en la delegación de A Coruña para que los colegiados que lo precisen puedan mantener reuniones de trabajo

**20/07/2011**

Convenio de colaboración entre Ayuntamiento de A Coruña y la delegación coruñesa del Colexio de Arquitectos

**02/08/2011**

Creación de un espacio de reflexión y debate "Participa en Delegación de A Coruña del Colexio de Arquitectos."

**01/08/2011**

Feria del Libro A Coruña 2011 del 1 al 10 de Agosto 2011.

**02/08/2011**

Presentación "Las universidades laborales Gallegas. Arquitectura y modernidad" miércoles día 3 de Agosto a las 20.00 horas, en la Feria del Libro de A Coruña, editado por el Colexio de Arquitectos, y redactado por Antonio S. Río Vázquez.

**12/09/2011**

ITER, ITINERIS... (RVR + CREUS Y CARRASCO) El jueves día 15 de septiembre a las 20:00 h., en la sala de cultura de la delegación de A Coruña.

**06/09/2011**

Junta Ordinaria de Delegación A Coruña del Colexio de Arquitectos, martes 6 de septiembre.

**13/09/2011**

Convenio firmado con el Ayuntamiento de A Coruña y el Colegio de Ingenieros de Caminos Canales y Puertos para la convocatoria del Concurso de Ideas para la reordenación del Borde Litoral de la ciudad de A Coruña.

**22/09/2011**

ITER, ITINERIS.... (CREUS Y CARRASCO + RVR) El jueves día 22 de septiembre a las 20:00 h., en la sala de cultura de la delegación de A Coruña.

**23/09/2011**

Exposición Comic + Arquitectura en la sala de exposiciones de la Delegación de A Coruña del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia. Con la participación de: JOSÉ DOMINGO-XURXO G PENALTA-LOLA LORENTE-ALBERTO VÁZQUEZ





**03/10/2011**

El día 3 de Octubre se celebró el "DÍA MUNDIAL DE LA ARQUITECTURA", que la Unión Internacional de Arquitectos (UIA) fija en el año 2011 bajo el lema "ARQUITECTURA y DERECHOS HUMANOS". El edificio elegido por la Junta directiva de la Delegación de A Coruña del Colexio de Arquitectos de Galicia como símbolo para este día, es la ANTIGUA PRISIÓN PROVINCIAL, situada en las inmediaciones de la Torre de Hércules

**04/10/2011**

Dentro de los actos programados en la Semana del 3 a 9 de Octubre con motivo del Día Mundial de la Arquitectura, la Delegación de A Coruña del Colegio de Arquitectos de Galicia, y la empresa de servicios didácticos Sistema Lupo presentan el taller infantil ¿Cómo suena la arquitectura?

**05/10/2011**

Conferencia de la Plataforma "Proyecto Cárcel" en la Sala de Cultura a las 20.00 h., con la proyección de videos de las actividades desarrolladas por esta plataforma en el Edificio de la Antigua Cárcel.

**06/10/2011**

Dentro de los actos que se desarrollaran la semana del 3-9 de octubre con motivo del día mundial de la arquitectura, se celebrará en las instalaciones del Playa Club un cóctel para los arquitectos colegiados que comenzará a las 21:30 h.

**08/10/2011**

Proyección del documental " Un viaje por...1929-2009" de Pablo Gallego Picard, en colaboración con el CGAI. Sábado 8 de Octubre a las 18.00 h.

**11/10/2011**

Convocatoria de junta para la constitución de las comisiones de la Delegación de A Coruña del Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

**11/10/2011**

Inscripción en la Bolsa de Trabajo para la realización de ITEs en el Ayuntamiento de A Coruña

**13/10/2011**

ITER, ITINERIS... (MEIJIDE-MARICHALAR + LUIS GIL-CRISTINA NIETO) El jueves día 13 de octubre a las 20:00 h., en la sala de cultura de la delegación de A Coruña.

**27/10/2011**

ITER, ITINERIS... (LUIS GIL – CRISTINA NIETO + MEIJIDE-MARICHALAR) El jueves día 27 de octubre a las 20:00 h., en la sala de cultura de la delegación de A Coruña.

**03/11/2011**

ITER, ITINERIS... (ENRIQUE RODRÍGUEZ + CARLOS QUINTÁNS) El jueves día 3 de noviembre a las 20:00h, en la sala de cultura de la delegación de A Coruña.



**15/11/2011**

Exposición "El asiento como arquitectura y la arquitectura como Asiento" se inaugura con una breve charla a cargo de Cristina Nieto y Luis Gil, y la lectura por parte de la escritora Luisa Castro Legazpi del texto: "Unha muller e unha silla".

**23/11/2011**

Junta Ordinaria de Delegación A Coruña del Colexio de Arquitectos, miércoles 23 de noviembre.

**24/11/2011**

ITER, ITINERIS... (CARLOS QUINTÁNS + ENRIQUE RODRIGUEZ) El jueves día 24 de noviembre a las 20:00h, en la sala de cultura de la delegación de A Coruña.

**13/12/2011**

Junta Ordinaria de Delegación A Coruña del Colexio de Arquitectos, martes 13 de diciembre.

**15/12/2011**

Entrada en funcionamiento del nuevo servicio de Asesoría Jurídica de la Delegación de A Coruña del Colexio de Arquitectos.

**17/12/2011**

El Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia [CPXG] y el Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia organizan el curso de Formación Urbanismo y comunicación, que se desarrollará en la sede de A Coruña del Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

**20/12/2011**

Proyecto de investigación a través de la escultura sobre diferentes aspectos de los límites materiales que definen un espacio. Limitedenso Cristina Sánchez Pérez



## DELEGACIÓN DE LUGO

### MEMORIA DE XESTIÓN ANO 2011

---

#### XUNTA DIRECTIVA

Dende a toma de posesión dos novos cargos celebráronse 22 Reunións de Xunta Directiva. Convocáronse 3 Xuntas de Delegación Ordinarias e 3 Extraordinarias.

#### DELEGACIÓN

Realizáronse as reunións internas, de reorganización da delegación ou con colexiados:

- Reunión cos traballadores da Delegación, 1 de xuño.
- Reunión cos redactores do proxecto de as obras de mellora da delegación, 1 de xuño.
- Reunión Asesoría Xurídica Colexio de Arquitectos Lugo, 6 de xuño.
- Reunión da Xunta Directiva de Lugo co Decano, Secretaria e Tesoureiro do Colexio de Arquitectos, 13 de xuño.
- Reunión con colexiado da Delegación a súa petición, 13 de xuño.
- Reunión co Taxador do Colexio de Arquitectos, 16 de xuño.
- Reunión Asesoría Xurídica Colexio de Arquitectos Lugo, 14 de xullo.
- Reunión Asesoría Xurídica Colexio de Arquitectos Lugo, 12 de setembro.
- Reunión de traballo na delegación co Xerente e responsable de persoal para a preparación do Laboratorio iCOR.
- Reunión Asesoría Xurídica Colexio de Arquitectos Lugo, 03 de outubro.
- Reunións varias na organización do LAB iCOR, 10, 11 e 12 de outubro.
- Reunión cos traballadores da Delegación, 15 de novembro.
- Reunión con colexiados da Delegación a súa petición, 29 de novembro.
- Reunión Asesoría Xurídica Colexio de Arquitectos Lugo, 16 de decembro.

Polo que se refire ós contactos coas Administracións públicas e outras organizacións, empresas ou profesionais, realizáronse as seguintes:

- Reunión El Progreso, 01 de xuño.
- Reunión co Concello de Lugo, Oficina Urban sobre el Seminario de Color e actividades iCOR, 21 de xuño.
- Reunión coa responsable de ARQUIA, 27 de xuño.
- Reunións varias La Caixa.
- Reunión co Alcalde do Concello de Lugo, 13 de setembro.
- Reunión coa Xerencia da Oficina do Plan URBAN para o Convenio iCOR.
- Reunión Convenio ITE's, con responsables do Concello de Lugo e do Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, 04 de outubro.
- Reunión no Concello de Lugo para un posible convenio UI PEPRI, 31 de outubro.
- Reunión Convenio ITE's, 02 de novembro.
- Reunión no Concello de Lugo para convenio UI PEPRI, 17 de novembro.
- Reunión no Concello de Lugo coa responsable de Disciplina, 28 de novembro.
- Reunión con representantes da Universidade de A Coruña para a colaboración nun Estudo sobre o Románico en Lugo, 28 de novembro.
- Firma Convenio Lab iCOR e presentación do mesmo, ós medios, 22 de decembro.



### ACTIVIDADES DESENVOLTAS CON ENTIDADES LOCAIS

Iniciáronse co Concello de Lugo varias liñas de traballo para actividades a curto, medio e longo prazo.

- Convenio ITE's Lugo.
- Proxecto cidadeidentidade: iCOR.
- PEPRI Lugo.
- Colaboración coa UDC. Estudio sobre o Románico en Lugo.

### ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLTAS NA DELEGACIÓN

A continuación recóllense algunhas das actividades formativas desenvoltas na delegación de Lugo:

Outubro.-

[14 / iCOR: MÓDULO 1. COR E PERCEPCIÓN](#)

[15 / iCOR: MÓDULO 1. COR E PERCEPCIÓN](#)

[21 / iCOR: MÓDULO 2. COR E MATERIAIS](#)

[22 / iCOR: MÓDULO 3. COR E ADMINISTRACIÓN](#)

[28 / XORNADAS DE URBANISMO EN LUGO ORGANIZADAS POR ADEGA E COLEXIO DE ARQUITECTOS LUGO.](#)

[28 / iCOR: MÓDULO 4. COR E ESPAZO URBANO](#)

[29 / iCOR: MÓDULO 4. COR E ESPAZO URBANO](#)

Novembro.-

[3 / CONFERENCIA DE MÓNICA ALONSO: "AS CUALIDADES PSICOLÓXICAS DAS CORES"](#)

[4 / XORNADAS DE URBANISMO EN LUGO ORGANIZADAS POR ADEGA E COLEXIO DE ARQUITECTOS LUGO.](#)

[4 / iCOR: MÓDULO 5. COR E CIDADE HISTÓRICA](#)

[5 / iCOR: MÓDULO 5. COR E CIDADE HISTÓRICA](#)

[5 / iCOR: MÓDULO 7. MESA REDONDA E DEBATE](#)

[5 / iCOR: MÓDULO 6. COR E CIDADE HISTÓRICA](#)

[18 / CELEBRACIÓN DO WORKSHOP iCOR: 18, 19 E 20 NOVENBRO](#)

[19 / CELEBRACIÓN DO WORKSHOP iCOR: 18, 19 E 20 NOVENBRO](#)

[20 / CELEBRACIÓN DO WORKSHOP iCOR: 18, 19 E 20 NOVENBRO](#)

Decembro.-

[12 / LABORATORIO iCOR: INICIO DAS ACTIVIDADES](#)

[13 / PECHER DELEGACIÓN POR REORGANIZACIÓN DAS OFICINAS](#)

[16 / Xornada Técnica: DIAGNOSE, APLICACIÓN E RESTAURACIÓN DA CAPA DE SUFRIMENTO](#)

### DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA 2011

A celebración do Día Mundial da Arquitectura desenvolveuse mediante a colaboración co diario El Progreso, en liña coa habitual colaboración da Delegación con este medio.

### CELEBRACIÓNS DA DELEGACIÓN

Celebrouse a Cea da Festividade da Nosa Señora de Belén na súa Fuxida a Exipto, Patroa dos arquitectos o 13 de maio no Hotel Méndez Núñez. Ademais o 28 de xaneiro tivo lugar un Viño-tertulia: Propostas para o cuartel de San Fernando en 10 minutos.



### **PROXECTO CIDADEIDENTIDADE: ICOR.**

Este é un espazo de observación, reflexión e investigación promovido pola Comisión de Cultura da Delegación en Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, no que se pretenden acoller diversas actividades que poidan aportar algún coñecemento sobre a identidade da cidade, considerada dende o plano da relación espacial, visual, perceptiva e sentimental cos seus habitantes, tanto globalmente como desde os seus distritos e barrios.

É o primeiro proxecto que se realiza no espazo cidadeidentidade. Este proxecto desenvolveuse en fases sucesivas:

#### **1ª. SEMINARIO INTERNACIONAL COR E CIDADE**

Celebración dun Seminario Internacional co tema da relación entre a cor e a cidade.

Desenvolveuse ao longo dun mes en venres e sábados, cunha duración total de 44 horas.

Os poñentes foron:

- **IGNACIO PÉREZ-JOFRE SANTESMASÉS:** Doutor en Belas Artes e profesor na facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.
- **MARÍA VÁZQUEZ LÓPEZ:** Licenciada en Historia, profesora de Arte da Escola De Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo.
- **PINTURAS TODOCOLOR:** Empresa de pinturas lucense.
- **MARIO BISSON:** Arquitecto. Responsable científico do Laboratorio da Cor de INDACO do Politécnico de Milán.
- **JOSÉ AGUIAR PORTELA DA COSTA:** Arquitecto. Presidente do Icomos Portugal. Profesor na facultade de Arquitectura da Universidade de Lisboa.
- **BLANCA BESTEIRO GARCÍA:** Restauradora.

O último día tivo lugar unha Mesa redonda que desenvolverá os temas tratados no Seminario.

#### **2º.WORKSHOP INTERNACIONAL COR E CIDADE**

Workshop formativo teórico-práctico sobre a aplicación práctica da cor na cidade.

Desenvolveuse en 3 días, venres, sábado e domingo cunha duración total de 24 horas.

Impartido polo Laboratorio da Cor do Politécnico de Milán.

#### **3º LABORATORIO “ENSANCHE DA RAMELLA”**

Laboratorio formativo práctico experiencial.

O seu fin foi a formación de 10 arquitectos, coa carreira terminada nos últimos 5 anos e con residencia na cidade de Lugo, na elaboración de plans de cor. Coordinados por 4 arquitectos con experiencia na intervención no patrimonio.

Elaborouse un traballo final, que será o establecemento dun código cromático e a súa aplicación, para a posta en valor da arquitectura prerracionalista e racionalista no Ensanche da Ramella no Casco Histórico de Lugo.

Desenvolveuse ao longo de dous meses.

Creouse un blog específico para o iCOR: <http://icor.Colexio de Arquitectoslugo.es/>

### **PÁXINA WEB.**

Ata o mes de xuño o mantemento da mesma foi esplendidamente levado polo colexiado D. Roque Álvarez Arosa. A partires dese mes presentou a súa renuncia por motivos persoais e paso a ser levada pola propia Xunta Directiva ante a ausencia de colaboradores interesados.



- Visitas: 28.399
- Páxinas vistas 75.349
- Páxinas/visita: 2,65
- Duración media da visita: 02:02

Para mellorar a comunicación, participación e colaboración abríronse perfís públicos de facebook e twitter.

#### **OBRAS DA DELEGACIÓN.**

A Xunta Directiva de Delegación anterior encargou a redacción dun proxecto de mellora e acondicionamento da sede colexial. Redactado o proxecto, a nova Xunta directiva, co fin de aforro e optimización dos escasos recursos asumiu a dirección das obras da delegación.

#### **RELACIÓN COS MEDIOS.**

A nova Xunta directiva de delegación considerou dende a toma de posesión que era necesario potencia a relación cos medios, buscando unha maior e mais continuada presenza nos mesmos.



## DELEGACIÓN DE OURENSE

### MEMORIA DE XESTIÓN ANO 2011

---

